



CONCELLO
DE TEO

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL PERSOAL LABORAL A2 TÉCNICO MEDIO. PROCESO DE ESTABILIZACIÓN.

Sendo as 08:30 horas do día 24 de abril do 2026, reúnense as persoas que de seguido se relacionan para resolver o proceso de selección da praza de traballador/a social – Persoal laboral fixo, A2.

- ✓ Presidencia: Luis Javier Castro Martínez (arquitecto técnico do Concello de Teo)
- ✓ Vogais
 - Ana Maria Aldrey Pereira (traballadora social do Concello de Vedra)
 - Eva María Castro Tarrío (traballadora social do Concello de Rois).
 - María de los Angeles Navia Vega (traballadora social do Concello de A Estrada)
- ✓ Secretaria: Lourdes Dourado González (orientadora laboral do Concello de Teo).

1.- Ante as dúbidas suscitadas na sesión do 6 de marzo de 2026, o Tribunal acordou *“(por unanimidade e conforme a base sétima das bases do proceso selectivo) solicitar a emisión de informe e/ou opinión especializada por parte das/os asesores/as que, ao efecto, poidan ter sido requeridas/os”*.

2.- Con data de 10 de marzo 2026, o Presidente do Tribunal solicita *“Informe emitido pola secretaría do concello de Teo, aclarando, de xeito argumentado e fundado, a interpretación de dito criterio de desempate, determinando o ano que se ten que tomar como referencia”* (rex. entrada nº202699900000803).

3.- Dáse conta de que con data de 13 de marzo de 2026 (rex. entrada nº202699900000862), D.^a Carmen M^a Caamaño Rey presenta escrito en referencia ao se-



CONCELLO
DE TEO

gundo punto da acta da reunión do tribunal do 6 de marzo de 2026, no que se confirma o empate entre varias aspirantes coa mesma puntuación e ao criterio de desempate establecido no punto 2 da base novena das que rexen a convocatoria e que atende “*a primeira letra do primeiro apelido seguindo a orde alfabética aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración autonómica de Galicia que se deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano no que se celebre o proceso selectivo, xúrdelle a dúbida aos membros do tribunal, da concreción do ano a tomar como referencia*” (publicación da OPE e convocatoria 2022 – ou da celebración do proceso selectivo -2026 -).

Nese escrito, e tras unha serie de consideracións realizadas pola interesada no proceso selectivo, conclúe que “*os criterios de aplicación terían que ser idénticos aos empregados nas demais prazas convocadas*” (BOE nº 301 do 16 de decembro de 2022); e que, “*por elo, o derradeiro criterio de desempate que atende á primeira letra do primeiro apelido seguindo a orde alfabética aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración Autonómica de Galicia que se deriven da oferta de emprego público, deberá ser a correspondente ao ano 2023*”.

4.- Dáse lectura ao informe, do 9 de abril de 2026, do servizo de asesoramento xurídico do Concello de Teo segundo o cal “*Desde unha interpretación literal, clara e inequívoca, o criterio de referencia non é o ano da oferta de emprego público nin o da convocatoria, senón o da celebración do proceso selectivo. Debe entenderse por tal o momento no que o proceso se desenvolve efectivamente, isto é, cando o tribunal realiza as actuacións de valoración e resolución, o que no presente caso ten lugar no ano 2026*”, concluindo que - “*A base novena establece de maneira expresa que o ano de referencia é o da celebración do proceso selectivo*”



CONCELLO
DE TEO

-Dado que as actuacións do tribunal teñen lugar no ano 2026, este debe ser o ano de referencia para a aplicación do criterio de desempate.

*-En consecuencia, o desempate debe realizarse **conforme ao sorteo da Xunta de Galicia correspondente ao ano 2026.***

Esta interpretación é conforme co tenor literal das bases, respecta o seu carácter vinculante e garante os principios de igualdade, mérito, capacidade e seguridade xurídica”.

5.- Segundo este criterio e examinada a *Resolución do 22 de xaneiro de 2026 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 16 de 26 de xaneiro)*, “a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos de selección para o ingreso na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano 2026 **comenzará por aquelas cuxo primeiro apelido comence pola letra “M”**”.

De acordo con todo o actuado, e asumindo o criterio reflectido no informe parcialmente transcrito, do 9 de abril de 2026, o Tribunal acorda que a referencia que a base novena fai á “*data de celebración proceso selectivo*”, debe ser entendido como á data na que teñan lugar as actuacións do Tribunal, que tiveron lugar no ano 2026, debendo polo tanto ser este o ano de referencia para a aplicación do criterio de desempate. **En consecuencia, o desempate debe realizarse conforme ao sorteo da Xunta de Galicia correspondente ao ano 2026 que, segundo o transcrito anteriormente, é a letra “M”**.

De acordo con todo o exposto e á vista das puntuacións obtidas no proceso, procédese á ordenación das persoas aspirantes segundo se reflicte na seguinte táboa:





CONCELLO
DE **TEO**

DATOS				PUNTUACIÓN		
Nº	APELIDOS	NOME	DNI/NIE	Experiencia profesional (1)	Formación específica	Total
1º	MELLA ROSENDE	MÓNICA	***3810**	70	30	100
2º	CAAMAÑO REY	CARMEN Mº	***6448**	70	30	100
3º	IGLESIAS CABANEIRO	Mº DEL MAR	***1992**	70	30	100

(1) En cumprimento do apartado un da base novena, para a valoración da experiencia laboral, soamente se tiveron en conta os meses completos traballados por cada contrato formalizado.

De acordo co exposto, o Tribunal acorda:

Primeiro.- De acordo co previsto na base décima, elevar á Alcaldía a referida relación de aspirantes para proceder ao nomeamento como traballadora social, persoal laboral fixo, grupo A2, a **Doña Mónica Mella Rosende con DNI nº ***3810**** por ser a persoa seleccionada segundo os criterios establecidos nas bases do presente proceso selectivo.

Segundo.- Dar por rematado o proceso selectivo mediante a publicación da puntuación final total das persoas aspirantes do proceso selectivo, por orde de puntuación e de criterio elixido, na páxina web municipal (www.teo.gal) e no taboleiro de anuncios do Concello. Contra a baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno, poderán presentar reclamación perante o propio tribunal no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita baremación.

Terceiro.- Propoñer á Alcaldía a creación dunha bolsa de traballo para a praza convocada coas persoas aspirantes finalmente non seleccionadas, ordeadas por orde descendente de puntuación:





CONCELLO
DE TEO

DATOS				PUNTUACIÓN		
Nº	APELIDOS	NOME	DNI/NIE	Experiencia profesional (1)	Formación específica	Total
1º	CAAMAÑO REY	CARMEN M ^a	***6448**	70	30	100
2º	IGLESIAS CABANEIRO	Mº DEL MAR	***1992**	70	30	100
3º	SANJURJO CONSTENLA	SILVIA	***3181**	57,82	30	87,82
4º	MOURO PEÑA	ANA CRISTINA	***0551**	34,79	30	64,79
5º	SANMARTIN LÓPEZ	JAVIER	***2298**	29,40	30	59,40
6º	ZAS CASTRO	M ^a MANUELA	***5357**	15,73	30	45,73
7º	DOVAL ÁLVAREZ	NATALIA	***6328**	14,03	30	44,03
8º	ZAMORANO (1) GARCÍA	LAURENTI NA	***2313**	11,27	30	41,27
9º	RIVAS NOGUEIRA(2)	GRACIEL A	***4646**	11,27	30	41,27
10º	GONZÁLEZ SAR	BEATRIZ	***2966**	9,31	30	39,31
11º	LAMAS LÓPEZ	LORENA	***4384**	6,31	30	36,31
12º	ALFONSO FRESCO	JENNIFER	***8847**	4,90	30	34,90
13º	OCAMPO GONZÁLEZ	ROSA M ^a	***7260**	3,92	30	33,92
14º	TAJES FERNÁNDEZ	MANUELA ESPERANZA	***7469**	0	30	30
15º	SUÁREZ PAN	PATRICIA	***6714**	0	28,75	28,75

(1 e 2): utilización criterio de desempate base novena.





CONCELLO
DE **TEO**

De acordo co exposto, sendo as 09:55 horas do día da data, dáse por rematado o acto, estendéndose a presente acta, que asinan todos os membros do tribunal, do que dou fe.

Presidente

Luis Javier Castro Martínez

Vogal

Ana M^a Aldrey Pereira

Vogal

Eva M^a Castro Tarrío

Vogal

M^a de los Angeles Navia Vega

Secretaria

Lourdes Dourado González

